

## INTRODUCCIÓN

O xogo representa todo un mundo de posibilidades educativas e está aceptado universalmente como o medio ideal para conectar ao neno/a o mozo/a ou ao adulto, cunha práctica divertida da actividade físico-deportiva. Para gozar facendo exercicio físico non hai nada mellor que realizalo en forma de xogo. E cando o xogo se converte en deporte resulta moito máis agradable e participativo.

O deporte é, ante todo, xogo. A través do xogo educamos e achegamos a actividade físico-deportiva a un maior número de escolares, sendo moi valioso para proporcionar recursos útiles para empregar de forma activa e autónoma o seu tempo libre.

Dentro do programa, [**XOGADE** - Xogos Galegos Deportivos en idade Escolar]<sup>1</sup> desenvolveranse actividades que se realizan con obxectivos formativos-recreativos-saudables, dirixidas a toda a poboación escolar.

**A Secretaría Xeral para o Deporte**, aposta por un deporte humanista, educativo e saudable. O modelo utilizado será o deportivo competitivo aberto á participación, que se axusta ao modelo de deporte promulgado polo Consello de Europa a través da Carta Europea do Deporte. A través desta concepción do deporte preténdese a promoción da saúde, a condición física e o benestar, ademais de que todos os escolares poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas, sen existir ningún tipo de discriminación.

<sup>1</sup>Escolar: Enténdese o adxectivo "Escolar" non como relativo a un lugar, centro educativo, senón máis aló do seu significado semántico, entendido como unha manifestación que se serve do deporte para educar.